

O Rei presidiu a conmemoración do Día Internacional dos Bosques en Sergude

A Súa Maxestade don Felipe VI protagonizou a conmemoración do Día Internacional dos Bosques, que se celebrou nas instalacións do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude. Esta foi a primeira ocasión en que o Rei de España visitou o municipio de Boqueixón.

O acto, organizado por Juntos por los Bosques, contou coa presenza de don Felipe VI que estivo acompañado polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas; o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo; o conselleiro do Medio Rural, José González; o delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, e polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, entre outros.

A Súa Maxestade o Rei tamén tivo a ocasión de coñecer os traballos selvícolas que se desenvolven neste centro formativo.

Tras o percorrido polo monte experimental de Quián, a Súa Maxestade don Felipe VI tamén tivo ocasión de coñecer e degustar os produtos galegos con indicativo de calidade e orixe, que conforman as 35 Experiencias de Calidade da Consellería do Medio Rural. Precisamente varios dos Consellos Reguladores e o propio AGACAL teñen a súa sé nas instalacións do Pazo de Quián.



A Súa Maxestade, centro, na súa visita ao recinto de Sergude onde coñeceu os traballos selvícolas. Foto: © Casa de S.M. El Rey



O Rei de España durante o seu percorrido. Foto: Xunta



Don Felipe coñeceu produtos con indicativo de calidade. Foto: Xunta



Plantación de árbore conmemorativa. Foto: © Casa de S.M. El Rey

A EIM Raíña Lupa de Boqueixón abre prazo de matrícula ata o 30 de abril

A Escola Infantil Municipal (EIM) Raíña Lupa de Boqueixón terá aberto ata o martes 30 de abril o prazo de matrícula para novos ingresos ou renovacións de praza de cara ao vindeiro curso escolar. As solicitudes deberanse entregar no Departamento de Servizos Sociais.

A EIM Raíña Lupa disporá de 53 prazas divididas en 4 aulas. O persoal deste centro educativo está composto por cunha directora, 4 educadoras e persoal de apoio e limpeza.

Para optar ás prazas, as persoas solicitantes deben estar empradoados/as no termo municipal. A idade mínima é de 3 meses na data de ingreso e a máxima é de menos de 3 anos a 31 de decembro de 2018.

Na web municipal, pódense consultar todos os requisitos e a documentación que se deberá entregar. Máis información, no teléfono 981 513 106.

Boqueixón conmemorou o 8-M con arte, literatura e linguaxe inclusiva

O Centro de Información á Muller (CIM) de Boqueixón desenvolveu unha completa programación co gaio da conmemoración do Día Internacional da Muller (8-M). Unhas actividades que finalizan cunha charla-coloquio tomando como eixo un libro de Carme Adán.

Unha das máis innovadoras comprendeu a incorporación dos 18 *chanzos feministas* ás escaleiras que dan acceso ao primeiro andar do consistorio. Dende o 8-M, toda persoa que se achegue ao Consistorio poderá ler citas célebres sobre feminismo de persoeiras como Rosalía de Castro, Frida Kalho, Virginia Wolf, Mary Shelley, Gloria Steinem ou Elvira Sastre. Estes 18 *chanzos feministas* rematan cunha frase do propio CIM: "As mans para loitar, non para ferir; a fala para acariñar, non para anular".

A programación especial polo 8-M comprendeu tamén a exposición



Visitantes observando algúns dos cadros da mostra 'Muller tiñas que ser!'



Os novos 'chanzos feministas'

Muller tiñas que ser! Unha mostra organizada polo Departamento de Cultura boqueixanés, que tamén quixo aportar o seu grao de area á hora de visibili-

zar o papel creador da muller do municipio e darlle, precisamente, un sentido contrario á expresión Muller tiñas que ser! A exposición conta con preto de 30 pinturas de 14 autoras boqueixanesas e marcadas por diversa temática. Esta colección poderase visitar ata o vindeiro 5 de abril.

Paralelamente, o CIM editou unha Guía de Linguaxe Inclusiva. Trátase dunha ferramenta coa que se pretende garantir o uso dunha linguaxe inclusiva en todos os procesos que se desenvolvan na administración local.

'CoidarNos' recibe un premio á mellor iniciativa de boas prácticas

O programa de apoio a persoas coidadoras de familiares en situación de dependencia de Boqueixón, *CoidarNos*, recibiu un galardón do Colexio Oficial de Tránsito Social de Galicia. A entrega realizouse no Edificio Cersia de Santiago de Compostela.

Ana Anta e Yolanda Neira, traballadora social e psicóloga do Concello de Boqueixón, respectivamente, recibiron o Premio á mellor iniciativa de boas prácticas. Deste xeito, recoñécese o excelente labor desenvolvido por ambas as dúas profesionais.



Yolanda Neira, á esquerda, e Ana Anta, tras recibiren o recoñecemento

Un Entroido moi animado na EIM Raíña Lupa

A Escola Infantil Municipal (EIM) Raíña Lupa de Boqueixón celebrou o seu tradicional Festival de Entroido. Unha cita que toda a cativada e familiares compartiron con alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín.

A directora do centro, Rócio Vázquez, salientou “o récord de participación que tivemos este ano tanto no concurso de receitas de Entroido como no certame de disfraces”. No primeiro caso foron un total de 17 os doces presentados polos familiares do alumnado.

Pola súa banda, o certame de disfraces contou cun total de corenta participantes, vinte na categoría individual e outros tantos na grupal. Así, quedaron como gañadores, por un triple empate, os Danoninos, a Familia de Mouchos e a Familia de Ovellas Shaun. O Crocodilo Reciclaxe quedou como vencedor da sección individual.

Dende o centro educativo boqueixanés quixeron agradecer “o traballo desenvolvido polas familias do noso alumnado. Sen a súa axuda, orixinalidade e adicación esta festa non sería posible”.



A categoría de grupos tivo tres gañadores: os 'Danoninos', á esquerda; a Familia de Mouchos a Familia de Ovellas Shaun



Os postres premiados no certame doces da EIM Raíña Lupa de Boqueixón



O Crocodilo Reciclaxe gañou en individual

Peliqueiros por un día no programa de prevención da dependencia



Os 14 participantes do programa Prevención da dependencia do Concello de Boqueixón celebraron un xantar de Entroido.

Nesta cita, estiveron acompañados polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, e por Ana María Seijo, conce-

lleira de Servizos Sociais, e persoal técnico que levan a cabo o programa os martes e xoves no local de Vigo. Para esta ocasión,

e como é costume, eles mesmos elaboraron a súa máscara de Entroido. A cita adicouse este ano aos Peliqueiros de Laza.



Foto de familia das persoas que recibiron o mandil de honra da 36 Festa da Filloa de Lestedo acompañadas por autoridades que asistiron a esta celebración

Milleiros de persoas na 36 Festa da Filloa

A 36 Festa da Filloa de Lestedo, declara de Interese Turístico de Galicia, rexistrou un novo éxito de convocatoria. Miles de persoas achegáronse ata o Campo da Feira para gozaren dunha xornada chea de actividades e de propostas gastronómicas.

Dende media mañá, os fogóns traballaron a pleno rendemento en Lestedo para ofreceren as racións de filloa. A máquina filloeira non cesou de repartir racións deste produto.

Tras a tradicional recepción a autoridades, a comitiva trasladouse ata o Campo da Feira. O alcalde, Manuel Fernández Munín, estivo acompañado pola conselleira do Mar, Rosa Quintana; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro Tato, así como por diversos rexedores de concellos da bisbarra compostelá, e polo pregoeiro desta edición, o xornalista de Onda Cero Santiago, Ramón Castro.

Tras o pregón de Ramón Castro, o acto presentado pola actriz María Mera, incluíu a entrega dos mandís de honra da Festa da Filloa de Lestedo. Nesta ocasión,



A veciñanza de Lestedo ofreceu variadas racións deste produto



A máquina filloeira traballou a pleno rendemento



Milleiros de persoas encheron o Campo da Feira para asistir ao pregón

outorgáronse ao propio pregoeiro; á instagrammer e blogger gastronómica Marité Romero López, *The Foodie Searcher*, e a tres das gañadoras do Concurso de Filloas Radio Voz-Gadis celebrado en A Coruña, Belén García, Araceli López e Rosa María Fernández. Rematou a entrega de mandís co re-

coñecemento á veciñanza de Lestedo, que recaeu en José Salgado Rey.

Finalmente, entregouse a condecoración de Xeneral da Filloa 2019 a Esteban Estévez Maza. Concluíu o pregón co atranque de dúas Xenerais da Ulla.

A Festa finalizou coa música de dúas orquestras.

Varias xornadas promocionais

As semanas previas á 36 Festa da Filloa de Lestedo estiveron cheas de actividades promocionais. Ademais da celebración das Xornadas Gastronómicas da Filloa organizáronse novamente as Xornadas promocionais da Filloa na cafetería e restaurante de El Corte Inglés. Como novidade, desenvolveuse a xornada promocional A Filloa de Lestedo na Galiciana, co apoio do GDR Terras de Compostela.

Xenerais da Ulla, á conquista das coplas

O Entroido dos Xenerais da Ulla, declarado de Interese Turístico de Galicia, encheu as parroquias de Sergude e Lestedo cuns atranques e coplas cheos de retranca. Os temas de actualidade centraron as batallas dialécticas dos Xenerais da Ulla que conquistaron ao público asistente co seu bo humor.

A parroquia de Sergude pechou o Entroido da Ulla en Boqueixón cunha xornada chea de disfraces e de divertidos atranques. Ata a cativada se animou a facer honra a esta tradición protagonizando unhas coplas.

Centos de persoas acudiron a esta cita para presenciaren as *loitas* entre os Xenerais da Ulla da parroquia, que non defraudaron á hora de facer rir ao público.

Outra das novidades do Entroido de Sergude foi a celebración do Concurso aos mellores disfraces deste Entroido. O certame estableceu dúas categorías: unha para grupos de 6 ou máis persoas e outra categoría que incluíu os disfraces individuais e para grupos de menos de 6 persoas. Os grupos ofreceron unhas vistosas presentacións con coreografías e música. O concurrido certame repartiu preto de 700 euros en premios entre participantes.

Pola súa banda, a parroquia de Lestedo acolleu o IV Desfile de Xenerais da Ulla. O colorido grupo desafiou a choiva para completar o percorrido entre o pavillón polideportivo desta parroquia e o Campo da Feira. Esta actividade congregou unha vintena de Xenerais da Ulla procedentes de Boqueixón e doutros municipios da bisbarra como A Estrada, O Pino, Teo, Touro ou Vedra.



Un intre do atranque celebrado na parroquia de Sergude



Xenerais da Ulla de Sergude, xusto antes do seu percorrido



A cativada tamén protagonizou coplas en Sergude



A parroquia de Sergude celebrou un visto concurso de Entroido no que se repartiron preto de 700 euros en premios



Unha vintena de Xenerais da Ulla de distintos municipios protagonizaron o tradicional desfile polas rúas de Lestedo

O Concello oferta unhas Xornadas Prácticas de Horta e Xardín

O Departamento de Cultura de Boqueixón organiza unhas Xornadas Prácticas de Horta e Xardín. Trátase dunha proposta formativa que contará cun total de 12 horas lectivas divididas en tres días. As datas de celebración están pendentes de confirmar, toda vez que se conte cun grupo mínimo de 10 persoas para a súa realización.

A primeira xornada adicárase á *Poda de froiteiras e ornamentais*, mentres que a segunda se centrará en *Horticultura familiar*. A terceira estará adicada aos *Coidados de planta ornamental*.

As inscricións para estas xornadas -de xeito conxunto ou por día- realízase no Departamento de Cultura (cultura@boqueixon.com ou no teléfono 981 513 115). O custo por xornada solta é de 10 €, mentres que a inscrición nas 3 quedaría en 20 €.

Boqueixón amplía o programa de compostaxe caseira de SOGAMA



Persoal de Sogama ofreceu na aula de usos múltiples unha charla formativa sobre xestión sostible de residuos

O Concello de Boqueixón amplía o seu programa de compostaxe caseira co reparto de medio cento de composteiros -con 350 litros de capacidade e fabricados con materiais reciclados e reciclables- entre a veciñanza. Esta iniciativa conta co apoio da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), quen aportou os novos colectores cos que se pretende reducir a can-

tidade de basura orgánica xerada no conxunto do municipio, contribuindo, deste xeito ao coidado do medio ambiente.

Educadores de SOGAMA achegáronse á aula de usos múltiples da Casa do Concello de Boqueixón para impartir unha xornada formativa sobre xestión sostible de residuos urbanos dirixida á veciñanza. Ademais dalgunhas nocións sobre

o uso dos composteiros que se levarían aos seus fogares, abordáronse boas prácticas vencelladas ao principio dos tres erros (redución, reutilización e reciclaxe).

A técnica de autocompostaxe pódese desenvolver en todas aquelas vivendas que dispoñan de terreo (horta ou xardín) no que aplicar o compost resultante do tratamento dos residuos orgánicos.

As visitas teatralizadas á Ponte Ledesma rexistran un novo éxito



Unha das visitas teatralizadas desenvolvidas na Ponte Ledesma

Máis 100 persoas participaron nas visitas teatralizadas á Ponte Ledesma. Organizadas polos Concellos de Boqueixón e Vila de Cruces, ambas actividades resultaron un novo éxito.

O percorrido realizouse polo Campo do Río, a propia Ponte Ledesma e as Illas de Gres. Dun xeito lúdico e didáctico, explicouse como se librou aquela batalla no 1809 entre as tropas de Napoleón e o exército de campesiños liderado por Benito Martínez.

Novo catálogo da Biblioteca Municipal

A Biblioteca Municipal do Concello de Boqueixón vén de publicar o seu novo catálogo de novidades co comezo da primavera. Na publicación poderanse atopar un total de 14 novos títulos dirixidos á poboación adulta; 11 libros que se centran nas categorías infantil e xuvenil e unha nova incorporación á colección local.

O plan de loita contra a vespa velutina vese incrementado en máis de 50 participantes

A campaña *Axúdanos a loitar contra a velutina* vén de sumar máis de medio cento de participantes. O Concello de Boqueixón entregou á veciñanza un total de 55 trampas coas que se pretende reducir o impacto desta especie invasora.

Arredor de 60 persoas acudiron á sesión formativa impartida por integrantes de Protección Civil na aula de usos múltiples do consistorio. Unha sesión previa á entrega das trampas. Cada solicitante recibiu pack cun recipiente con forma de mazá, cunha capacidade de 2,4 litros, ecolóxico e reutilizable, e máis a dose exacta de líquido atraente que se lle debe botar –de 300 mililitros– para poder capturalas.

Os integrantes de Protección Civil explicaron, en primeiro lugar, a evolución

da invasión da vespa velutina en territorio galego, así como as súas características distintivas con respecto ás vespas autóctonas. Sobre a propia loita contra a velutina, reiteraron que o comezo da primavera resulta a mellor época para loitar contra esta especie invasora, xa que é cando as raíñas saen do seu letargo invernal para iniciar a creación dos niños. Polo tanto, cada raíña que se atrape suporá un niño menos.

A continuación, procedeuse a explicar como utilizar as trampas que se entregaron á veciñanza e onde se deben colocar. A maiores, tamén se ofreceron unhas nocións sobre como elaborar trampas caseiras, que se poden crear con refugallos que se poden atopar en todos os fogares e que funcionarían



Un intre da charla formativa desenvolvida nas aula de usos múltiples



Protección Civil realizará un seguemento das capturas de raíñas de velutina

como reforzo ás xa entregadas na sesión.

Ao igual que o ano pasado, Protección Civil realizará un seguimento das capturas de raíñas que se

realicen nas vindeiras semanas. En 2018 atrapáronse máis dun milleiro de velutinas reducindo, deste xeito, o impacto desta especie invasora.

Medio Rural prohíbe as queimas agrícolas e forestais

A Consellería do Medio Rural prohibiu as queimas de restos agrícolas e forestais en Galicia. Esta situación vén derivada das condicións meteorolóxicas tan cálidas coas que iniciou a primavera e co fin de previr os incendios.

Esta prohibición implica, segundo explicaron dende a Consellería do Medio Rural, que quedan tamén en suspenso os permisos xa concedidos, xa que as

comunicacións e autorizacións de queima carecerán de validez dende o momento da prohibición. Ata novo aviso, non estará permitido o uso do lume para ningunha actividade forestal ou agrícola.

Dende o Departamento autonómico explican que “a decisión se tomou logo de avaliar a evolución da situación do tempo e unha vez analizados polo miúdo os diferentes indicadores

técnicos que inciden no risco de lume en tempada de alto risco. Tamén tendo en conta que a normativa –Decreto 105/2006, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais– prohíbe as queimas cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar

o seu control”, conclúen dende a Consellería.

Por todo iso, cómpre que a veciñanza extreme as precaucións. Do mesmo xeito, Medio Rural solicita a colaboración da cidadanía na denuncia de calquera actividade delictuosa incendiaria da que teña coñecemento. Nestes casos, a persoa deberá chamar ao teléfono gratuito 085 para informar sobre esta situación.

Aberta a inscrición na 'Semana Activa' ata o 9 de abril

O Concello de Boqueixón oferta unha nova edición do seu programa de conciliación *Semana Activa* dirixido á cativada de Educación Infantil e Primaria. As actividades desenvolveranse os días 15, 16, 17 e 22 de abril nas instalacións do Forte, en horario de 09.00 a 14.00 horas, con posibilidade de ampliación por conciliación familiar. O prezo é de 10 euros e as inscricións deberanse formalizar no Departamento de Cultura.

Acción de Verán'19 oferta dous campamentos para a mocidade

Os Concellos de Boqueixón e Vedra abrirán este mes o prazo de inscrición para os dous campamentos incluídos dentro de Acción de Verán'19.

Ofértanse dous campamentos, un dirixido á poboación infantil e o outro, á xuvenil. O custo é de 195 euros. As prazas son limitadas, tendo preferencia a mocidade empadroada.

As persoas interesadas en formalizar as solicitudes deberán facelo entre o 10 e 27 de abril no De-

partamento de Cultura enviando un e-mail cultura@boqueixon.com. Deberán presentar a ficha cuberta (que se pode descargar na web municipal). O resgar do pagamento deberase entregar ata 10 días antes do comezo da actividade. Pódese solicitar máis información no teléfono 981 513 115.

A primeira das estancias dirixese á poboación infantil, nada entre os anos 2007 e 2010 (ambos incluídos). Desenvolverase

entre o vindeiros días 24 de xuño e 1 de xullo no Camping de Cachadelos (Sanxenxo).

O segundo dos campamentos dirixese á poboación xuvenil nada entre 2003 e 2007, ambos incluídos. A estancia desenvolverase entre os días 5 e 12 de xullo, tamén no Camping de Cachadelos (Sanxenxo).

Os campamentos contemplan descontos segundo o número de fillos/as que se inscriban na mesma actividade.

AXENDA DO MES DE ABRIL

Inicio

Venres
5

Curso informática para maiores

Aula de usos múltiples
Casa do Concello
De 16.00 a 18.00 horas
Prezo: 10 €/mes
Curso de 20 horas. Máis info., no Dpto. de Cultura.

Prazas limitadas que se darán por orde de inscrición. Máis info. e inscricións no Departamento de Cultura.

Máis información no Departamento de Cultura.

e en maio...

Inicio

Sábado
6

Curso de monitor de tempo libre

Local social de Lestedo
Custo 150 €.

15, 16,
17 e 22

Semana Activa

Instalacións do Forte
De 09.00 a 14.00 horas
Custo: 10 euros

Programa de conciliación con propostas de lecer para poboación de Infantil e Primaria. Posibilidade de ampliación de horario por conciliación.

Inscricións ata o 9 de abril no Dpto. de Cultura.

Mércores
1

Encontro de maiores

Pavillón do Forte
Máis información, no Dpto. de Cultura.

Sábado

6

Mesa-debate con Carne Adán

Casa do Concello
17.00 horas.
De balde
Máis info. e inscricións no CIM de Boqueixón.

Entre
10 e 27

Campamentos da Acción de Verán'19

Camping Cachadelos
24 de xuño a 1 de xullo
5 a 12 de xullo

Prezo: 195 euros
Prazo de inscrición nos campamentos, dirixidos á poboación infantil e xuvenil do municipio.

Entre
2 e 16

Excursión a Extremadura

Do 28 ao 31 de maio
Prezo: 249 euros
Visitas a Cáceres, Guadalupe, Trujillo, Mérida, Monfragüe e Plasencia. Adjudicación de prazas por orde de inscricións. Máis información, no Departamento de Cultura.

Martes
9

Circuíto termal nas Termas de Outariz

Prezo: 25 € (inclúe transporte, comida, tratamento termal e Mosteiro de Carboeiro)

Mércores
15

Unidade móbil DNI

Casa do Concello
Máis información, no Departamento de Cultura.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 CIM: 981 513 061 Cultura: 981 513 115 Dto. Local e Turismo: 981 513 061
concello@boqueixon.com cim@boqueixon.com cultura@boqueixon.com boqueixonturismo@gmail.com